

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Bases da convocatoria para a provisión temporal, mediante concurso-oposición, dun posto de técnico/a de turismo

VEDRA

Anuncio bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal, a tempo completo, mediante o sistema concurso-oposición, para un posto de técnico/a de turismo financiado con cargo ao Programa DP0029/2020, do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña.

ANUNCIO

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 205 nº 4 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, en relación a súa vez co disposto na Base Quinta das aprobadas por decreto do Alcalde número 271/2020 do 16 de xuño, a través do cal se aproban as bases que rexerán o procedemento de elección polo sistema de concurso-oposición, para poder contratar a unha/unha técnico/a de turismo na modalidade de contrato por obra ou servizo, para execución dun programa de carácter temporal.

Procédese a publicar ditas Bases, cuxo contido é o que deseguido se indica.

O prazo de presentación de instancias será de sete días hábiles a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincial de A Coruña, no Rexistro Xeral do Concello de Vedra en horario de 9:00 a 13:00 horas de luns a venres ou por calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (neste caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo mediante o e-mail correo@concellodevedra.com, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias).

As bases estarán expostas por un prazo de 7 días hábiles, a efectos de reclamacións

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN TEMPORAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN POSTO DE TÉCNICO/A DE TURISMO PARA O CONCELLO DE VEDRA.

Primeira.- Obxecto da Convocatoria.

O obxecto das presentes bases é proceder á contratación laboral temporal, por obra ou servizo, dun/dunha técnico/a en turismo para o servizo de promoción do turismo na Oficina Municipal de Información Turística de Vedra, en base aos criterios de publicidade da convocatoria, mérito e capacidade das persoas candidatas, e financiada con cargo ao Programa DP0029/2020, do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña.

Segunda.- Réxime Xurídico.

A lexislación aplicable vén determinada por:

- O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- A Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- O artigo 177 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

- O Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 13 de marzo (de carácter supletorio conforme ao artigo 1.3).

- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En canto á regulación das condicións do contrato estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores.

Terceira.- Características do contrato.

A duración do contrato será de seis meses ou como máximo ata o 31/12/2020, como se establece na convocatoria da Deputación. A xornada ordinaria de traballo será de corenta horas semanais. O tipo de contrato será por obra ou servizo determinado.

Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes.

Para participar no presente concurso-oposición as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou ter a nacionalidade doutro Estado membro da Unión Europea ou de calquera outro dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

Así mesmo, poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado/a de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

b) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao posto que se opta.

c) Ter feitos os dezaseis anos e non ter alcanzado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Posuír, como mínimo, o carné de conducir tipo B.

f) Atendendo ao establecido na base 3 das bases de convocatoria do Programa DP0029/2020, as persoas a contratar deberán estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

1.- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente (inclúese tamén o Certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante -HOTI0108).

2.- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.

3.- Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.

4.- Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo.

5.- Grao ou licenciatura en Historia da Arte.

6.- Grao ou licenciatura en Humanidades.

7.- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.

8.- Grao ou licenciatura en Historia.

A titulación esixida acreditarase coa fotocopia simple do título, ou no seu defecto, certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición e ter aboadas as taxas correspondentes para a súa expedición ou acreditar atoparse exento do pago das mesmas. Unha vez superado o proceso terán que presentar os orixinais no Concello de Vedra.

g) Estar en posesión do CELGA 4 ou dun título equivalente ou superior.

Quinta.- Publicidade.

O anuncio e as bases desta convocatoria publicarase no BOP da provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios municipal, na páxina web do Concello www.concellodevedra.com e nas redes sociais que xestiona.

As bases estarán expostas por un prazo de 7 días hábiles, a efectos de reclamación.

Sexta.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vedra e presentaranse no Rexistro Xeral, durante o prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte á publicación do anuncio de convocatoria no BOP, no modelo que figura como Anexo II das presentes Bases, en horario de 9:00 a 13:00 horas de luns a venres.

Poderán remitirse tamén na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (neste caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo mediante o e-mail correo@concellodevedra.com, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias).

Na instancia farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañándoa da seguinte documentación, en copia simple:

- Fotocopia do DNI ou documento de identificación de persoa estranxeira.
- Currículo actualizado da persoa aspirante.
- Documentación esixida na base cuarta.
- Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao posto que se opta. (Anexo III)
- Carné de conducir tipo B.
- Para a avaliación da fase de concurso, as persoas aspirantes achegarán os documentos que estimen oportunos en fotocopia simple, e unha vez superado o proceso terán que presentar os orixinais nas dependencias municipais do Concello de Vedra. O tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada cos méritos que se han valorar e non tomarán en conta nin valorarán aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus puntos, no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes.

Sétima.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución no prazo máximo de dez días naturais declarando aprobada a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na web do Concello de Vedra (www.concellodevedra.com) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de dez días naturais seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos da Lei 39/2015.

Posteriormente, declararase aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará no taboleiro de edictos e na web do Concello de Vedra.

Na resolución indicarse tamén cal será a data, lugar e hora na que se reunirá a comisión seleccionadora para levar a cabo a valoración de méritos.

De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución da aprobación.

Coa publicación na web e no taboleiro de anuncios da puntuación dos méritos das persoas participantes, indicarse a data, lugar e hora na que se realizará a proba escrita.

Oitava.- Comisión de selección.

A valoración dos méritos alegados polas persoas participantes nesta convocatoria realizarase pola Mesa de Selección que estará composta por:

Presidente/a: Un/unha funcionario/a ou persoal laboral fixo.

Vogais: Dous funcionarios/as ou persoal laboral fixo.

Secretario/a: O secretario do Concello ou funcionario/a en quen delegue (con voz pero sen voto).

Suplentes: Funcionarios/as ou persoal laboral fixo.

A Mesa de Selección ten a facultade de resolver cantas dúbidas xurdan e tomar acordos correspondentes á consecución de criterios de puntuación obxectivos.

A Mesa de Selección non poderá constituírse nin actuar validamente sen a asistencia de máis da metade dos seus integrantes debendo estar presentes o presidente e o secretario.

A Mesa de Selección cualificadora poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes.

A Mesa de Selección non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de persoas aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados establecerase unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

Os integrantes da Mesa de Selección deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade que convoca, cando neles concorran circunstancias das previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos integrantes da Mesa de Selección cando se dera calquera das citadas circunstancias.

Novena.- Proceso de selección.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases coas persoas candidatas que presentasen solicitude en prazo e resulten admitidos/as.

O Proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

- Fase de concurso – 11 puntos

Na fase de concurso serán valorados pola Mesa de Selección os méritos achegados e xustificados polas persoas aspirantes, aplicando o baremo que se recolle no anexo I destas bases.

Ditos méritos terán que aportarse debidamente acreditados no momento de presentación de instancias, mediante copia dos títulos, contratos de traballo ou certificados correspondentes.

- Fase de oposición – 20 puntos

A fase de oposición consistirá nunha proba escrita, que será determinada previamente pola comisión de selección. Constará dun cuestionario de preguntas tipo test e un tema a desenvolver. Mediante esta proba avaliaranse os coñecementos que ten a persoa candidata sobre a materia obxecto desta convocatoria e o posto a desenvolver.

A proba escrita terá unha duración máxima de 1 hora e media e será valorada con 10 puntos o apartado de preguntas tipo test e con 10 puntos o apartado de tema a desenvolver.

A comisión de selección procederá á cualificación dos aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación no taboleiro de anuncios do Concello da relación provisional de persoas aspirantes presentadas coa puntuación obtida; unha vez transcorrido o prazo de presentación de reclamacións e resoltas as mesmas se as houberse, publicarase relación definitiva de persoas aspirantes presentadas coa puntuación definitiva, elevando ao alcalde a correspondente proposta de contratación a favor da persoa candidata que obtivera a maior puntuación total.

Se a persoa candidata inicialmente proposta renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Se durante o tempo de vixencia do contrato a persoa seleccionada decide rescindir o mesmo, a contratación, polos meses restantes, realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente, sempre suxeito ao establecido nas bases de convocatoria do Programa DP0029/2019 e aos criterios da Deputación Provincial de A Coruña.

Décima.- Formalización do contrato.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, a persoa aspirante proposta disporá dun prazo de tres días, contados desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da proposta de contratación, para achegar a seguinte documentación actualizada:

a) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para a persoa que resultou seleccionada.

b) Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

c) Declaración de non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado para o exercicio e desempeño das funcións públicas.

Unha vez presentada a documentación referida procederáse á formalización do contrato.

Undécima .-Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases estarase ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ao disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real Decreto Lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral.

Duodécima.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanse impugnar no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vedra, 16 de xuño de 2020

O alcalde

Carlos Martínez Carrillo

ANEXO I.- BAREMO DE MÉRITOS PARA VALORAR O CONCURSO

1) Por posuír outra titulación media ou superior, ademais dunha das esixidas na Base cuarta apartado f) desta convocatoria, sempre que estea relacionada coas tarefas do posto de traballo a ocupar 1,00 punto como máximo.

2) Por coñecemento dun idioma oficial, distinto do castelán e do galego, recoñecido pola EOI: ata un máximo de 2,25 puntos, que se recoñecerán da seguinte forma: (só se valorará un título ou certificado por idioma, o de maior puntuación debidamente acreditado)

a. Por cada curso de nivel medio B1 ou equivalente: 0,50 puntos.

b. Por cada curso de nivel avanzado B2 ou equivalente: 0,75 puntos.

3) Cursos relacionados coas tarefas a desenvolver: ata un máximo de 3 puntos, que se recoñecerán da seguinte forma:

a. Máster ou Posgrao de turismo: 1,5 puntos.

b. Curso de 100 ou máis horas: 0,50 puntos.

c. Curso de 50 a 99 horas: 0,35 puntos.

d. Curso de 20 a 49 horas: 0,20 puntos.

e. Curso de 1 a 19 horas: 0,10 puntos.

A puntuación dos máster ou posgrao, non volverán a puntuar en calquera outro apartado.

A formación poderá/deberá acreditarse mediante copias simples dos títulos (e unha vez superado o proceso terán que presentar os orixinais nas dependencias municipais do Concello de Vedra), expedidos pola administración pública ou por calquera outra entidade sempre que estean homologados por unha administración pública, autonómica ou estatal, homologación que deberá amosarse no momento da presentación da instancia ou solicitude de participación no proceso selectivo.

4) Coñecementos de informática: ata un máximo de 0,75 puntos, que se recoñecerán da seguinte forma:

a. Por cada curso de 15 a 30 horas de duración:0,05 puntos.

b. Por cada curso de 31 a 50 horas de duración:0,10 puntos.

c. Por cada curso de máis de 51 horas de duración:0,20 puntos.

5) Experiencia laboral: ata un máximo de 4,00 puntos que se valorarán da seguinte forma:

Por servizos prestados nunha oficina de información turística local, provincial ou autonómica: 0,2 puntos por mes completo traballado.

A experiencia profesional deberá xustificarse mediante contratos de traballo e vida laboral, expedida pola Seguridade Social, acreditando sempre a categoría profesional desempeñada, non computándose os períodos inferiores a un mes.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA

Don/Dona....., con documento de identidade número e domicilio a efectos de notificación en..... CP.....Localidade..... teléfono..... e correo electrónico

EXPOÑO:

1º.- Que desexo participar no concurso-oposición convocado para cubrir a praza de Técnico/a de Turismo para o Concello de Vedra 2020, mediante contrato de traballo temporal, a tempo completo, convocada polo Concello de Vedra, a través de publicación das bases no BOP, anuncio na web e no taboleiro de anuncios do concello.

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando á miña solicitude un total de páxinas.

- Fotocopia compulsada do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)
- Documentación esixida na base segunda.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que me inscribo. (Anexo III)

Carné de conducir tipo B

Méritos:

-
-
-
-
-

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude e se admita para participar no concurso-oposición convocado para cubrir a citada praza.

Lugar e data:

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

ANEXO III.- MODELO DECLARACION XURADA

Don/Dona con DNI nº, teléfono,
e domicilio a efectos de notificación en
.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que impidan o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que me inscribo no Concello de Vedra.

Vedra, de de 2020

Asdo.

ANEXO IV.- TEMARIO

- 1.- O Turismo. A Lei 7/2011 de turismo de Galicia
- 2.- O guía de turismo. O Decreto 73/2015, de 7 de maio, pola que regula a profesión de guía de turismo de Galicia.
- 3.- O termo municipal de Vedra. Territorio, xeografía e historia, tradicións e bens municipais.
4. O turismo en Vedra: Infraestruturas, empresas e servizos.
- 5.- O turismo en Vedra: Recursos e produtos.
- 6.- Novos xacementos turísticos en Vedra.
- 7.- Creación, dinamización, comunicación e difusión de produtos turísticos.

2020/3824